Deputación DA CORUÑA
www.dacoruna.gal
BOLETÍN OFICIAL DA PROVINCIA DA CORUÑA
D.L.: C-1-1958
BOP
BOLETÍN OFICIAL DE LA PROVINCIA DE A CORUÑA
MÉRCORES, 11 DE NOVEMBRO DE 2026 | MIÉRCOLES, 11 DE NOVIEMBRE DE 2026 | BOP NÚMERO 216

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

ARTEIXO

Renda e Exaccións

Aprobación taxa pola prestación do servizo de recollida e tratamento de lixos e residuos urbanos do Concello de Arteixo correspondente ao segundo semestre de 2026

EXPOSICIÓN PÚBLICA DA APROBACIÓN DO PADRÓN DA TAXA POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE RECOLLIDA E TRATAMENTO DE LIXOS E RESIDUOS URBANOS DO CONCELLO DE ARTEIXO CORRESPONDENTE AO SEGUNDO SEMESTRE DE 2026.

EDICTO

Por Resolución da Alcaldía de data **6** de **novembro** de **2026** e con número **2996**, acordouse:

PRIMEIRO: Aproba-lo padrón da **"taxa pola prestación do servizo de recollida e tratamento de lixos e residuos urbanos do Concello de Arteixo"** (ordenanza fiscal nº 14), correspondente ao **SEGUNDO SEMESTRE 2026**, no que constan **17.921** recibos por un importe de **UN MILLÓN CATORCENTOS SESENTA E CATRO MIL DOUSCENTOS TRINTA E DOUS EUROS E NOVENTA CÉNTIMOS (1.464.232,90 €)**, segundo o seguinte detalle:

VIVIENDAS	16.797 UF	1.036.216,06€
EMPRESAS	1.124 UF	428.016,84 €
TOTAL	17.921 UF	1.464.232,90€

DOMICILIADOS	13.129 UF	1.028.479,52 €
NON DOMICILIADOS	4.792 UF	435.753,38 €

SEGUNDO: Expoñer ao público tódolos datos incorporados ao Padrón que se aproba, mediante edicto que se debe publicar no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios e na sede electrónica do Concello de Arteixo. Esta exposición, por prazo de quince días dende a correspondente publicación no BOP, servirá de notificación colectiva a tódolos contribuíntes, nos termos establecidos no artigo 102.3 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, Xeral Tributaria.

TERCEIRO: Fronte aos recibos incorporadas ao Padrón, tódolos interesados poderán interpor RECURSO DE REPOSICIÓN ante esta Alcaldía, segundo o disposto no artigo 14.2 do RDL 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, no prazo DUN MES contado dende o día seguinte ao remate da exposición ao público do Padrón. A interposición do recurso non suspende a eficacia das liquidacións correspondentes, agás que se solicite a suspensión e se presente garantía nos termos establecidos no apartado i) do precepto anteriormente mencionado. O recurso entenderase desestimado se non se resolve expresamente no prazo de un mes dende a súa interposición. Contra a desestimación presunta do recurso poderase interpor RECURSO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de A Coruña, no prazo de dous meses, dende a notificación da resolución expresa, ou de seis meses dende que se produza a desestimación presunta, tal como establece o artigo 46.1 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa. Tamén se poderá interpor calquera outro recurso que se estime conveniente.

CUARTO: O prazo de pagamento en período voluntario será dende **o 11 de novembro de 2026 ao 18 de xaneiro de 2027** Para o cobramento dos citados tributos se remitirá ao enderezo dos suxeitos pasivos un recibo co obxecto de que o seu importe sexa ingresado, no prazo voluntario indicado.

As formas de pago son as seguintes:

1.- Na ventanilla das entidades bancarias colaboradoras, nos días e horarios que teñan habilitados a tal fin, e tamén a través da súa rede de caixeiros.

2. Na páxina web do Concello de Arteixo (www.arteixo.org), pinchando en "Pagos on line"(ABANCA).

Número de anuncio 2026/7297

Para os contribuíntes que teñan domiciliado o pagamento nunha entidade financeira os recibos seranlles cargados na conta por eles indicada o vindeiro **18 de novembro de 2026.** As persoas que non reciban ou extravíen os recibos mencionados poderán solicitar un duplicado nas oficinas do Concello, sitas na Praza Alcalde Ramón Dopico, antes do remate do prazo indicado, dado que a falta de recepción non exonera da obriga de pagamento nin impide a utilización da vía de constrinximento. Asemade, poderán interpoñer as reclamacións que estimen pertinentes ou solicitar canta información precisen en horario e 9:00 a 14:00 horas, de luns a venres.

Advírteselles de que transcorrido o prazo de ingreso, as débedas serán esixidas polo procedemento de constrinximento, logo de devengar o recargo de prema, xuros de mora e, no seu caso, as custas que se produzan.

QUINTO: Dar traslado da presente Resolución aos Departamentos de Tesourería e Servizos Municipais aos efectos oportunos.

Arteixo, 6 de novembro de 2026.

Asina dixitalmente: Emilio Maceiras López (CONCELLEIRO DE ECONOMÍA E FACENDA)

2026/7297

Número de anuncio 2026/7297